

## **CARREIRA POPULAR A VALENZA 2017 – 20/05/2017 - REGULAMENTO**

O Concello de Barbadas e o Club Maratón Nattex Barbadas, organizan o próximo 20 de maio de 2.017 a segunda edición da Carreira Popular A Valenza.

A proba está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e estará controlada polo Comité Provincial de Xuices e Cronometradores da FGA en Ourense.

### **1. HORA DE SAIDA E DISTANCIAS**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>ANOS</b>	<b>HORA</b>	<b>DISTANCIA METROS</b>
<b>BIBERÓNS</b>	Nados 2011 e posteriores	18:00	100
<b>BENXAMÍN</b>	Nados entre 2008 e 2010	18:15	400
<b>ALEVÍN E INFANTIL</b>	Nados do 2004 ao 2007	18:45	1000
<b>CADETE</b>	Nados no 2002 e 2003	19:15	2000
<b>ABSOLUTA</b>	Nados 2001 e anteriores	20:00	7000

### **2. CATEGORÍAS**

Establécense as seguintes categorías:

<b>CATEGORÍA</b>	<b>ANOS</b>
<b>BIBERÓNS</b>	Nados en 2010 e anteriores
<b>BENXAMÍN</b>	Nados en 2008 e 2009
<b>ALEVÍN</b>	Nados en 2006 e 2007
<b>INFANTIL</b>	Nados en 2004 e 2005
<b>CADETE</b>	Nados entre 2002 e 2003
<b>XUVENÍS</b>	Nados en 2000 e 2001
<b>SENIOR</b>	Nados en 1999 e anteriores, ata veteranos
<b>VETERANO A</b>	De 45 a 54 anos cumpridos
<b>VETERANO B</b>	De 55 a 64 anos cumpridos
<b>VETERANO C</b>	Maior de 65 anos
<b>EQUIPOS</b>	Equipos mixtos (2 homes e 2 mulleres) de calquera categoría
<b>ABSOLUTA</b>	Nados en 2001 e anteriores

### **3. CARREIRA ABSOLUTA:**

Sábado 20 de Maio, a saída da carreira absoluta darase na Avenida de Celanova as 20:00. Os participantes deberán situarse na zona de saída 5 minutos antes do comezo da proba, tras a liña de meta. A zona de meta estará situada na Avenida de Celanova. O avituallamiento será na zona de meta.

A Clasificación será absoluta e por categorías.

Tamén se fai unha clasificación **por equipos** os equipos deberán estar formados por catro atletas, dous homes e dúas mulleres de calquera categoría que entre na carreira absoluta.

Poderán participar tódolos atletas que o desexen, estean ou non federados.

A participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas, rexirase polas normas recollidas no artigo 3.4. da Circular RFEA nº 109/2015 "Reglamento para las Competiciones de Campo a Través, Marcha, Ruta, Montaña, Trail y Reuniones de Pista Cubierta y Aire Libre 2015-2016".

Aqueles atletas que sabendo da súa imposibilidade para participar nesta proba, proporcionen datos falsos para poder facelo, serán descalificados.

A Organización, de acordo coa normativa RFEA e previo informe da FGA, rechazará a inscrición dos corredores federados doutras federacións autonómicas que excedan os límites fixados pola RFEA para competicións de ámbito autonómico.

Enlace de consulta desta normativa:

<http://www.rfea.es/sirfea/ficheros/comunicados/documentos/2015430182938.pdf> 22

A idade na categoría de veteranos, serán anos cumpridos na data da proba.

## **PREMIOS:**

- TROFEOS OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS HOMES E MULLERES DA CLASIFICACIÓN ABSOLUTA
  
- TROFEOS OS PRIMEIROS CLASIFICADOS DE CADA CATEGORÍA MASCULINO E FEMENINO
  
- TROFEOS OS TRES PRIMEIROS EQUIPOS CLASIFICADOS
  
- TROFEOS O PRIMEIRO CLASIFICADO MASCULINO E FEMENINO DO CONCELLO DE BARBADÁS

## **Os trofeos non serán acumulativos**

### **4. CARREIRA POR EQUIPOS**

Farase tamén na carreira absoluta unha categoría por equipos. Os equipos serán de 4 persoas de calquera das categorías que participen na carreira absoluta.

Os equipos deberán estar compostos por dúas mulleres e dous homes e para a clasificación sumarase o tempo dos catro compoñentes.

## **5. CARREIRA MENORES**

Sábado 20 de Maio, a saída terá lugar na Avenida de Celanova a partir das 18:00 horas. Os participantes deberán situarse na zona de saída 5 minutos antes do comezo da proba. A zona de meta será na Avenida de Celanova e o avituallamiento terá lugar na zona meta.

ENTREGARASE TROFEO Ó PRIMEIRO CLASIFICADO NENOS E NENAS DAS CATEGORÍAS BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL E CADETE E RECIBIRÁN MEDALLAS TÓDOLOS PARTICIPANTES QUE REMATEN A CARREIRA.

## **6. INSCRIPCIÓN**

O prezo das inscricións será de 4 euros para a carreira absoluta, as carreitas de menores e a categoría de equipos serán gratuitas. A data límite para inscribirse será as 24:00 horas do 16 de Maio de 2017.

Inscricións online a través de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

## **7. RECOLLIDA DE DORSAIS**

Os dorsales e chips entregaranse, na zona de saída, o día da proba a partir das 17:15 e ata 30 minutos antes do comezo da proba. Para retirar o dorsal e chip é obrigatorio presentar o D.N.I ou pasaporte.

## **8. CONSIDERACIÓNS**

Tódolos participantes inscritos estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil.

A organización contará coa axuda dos organismos municipais que regularán o tráfico o longo do percorrido. Está rigurosamente prohibido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda (bicicletas, patíns). O non cumprimento desta forma implicará o descalificación dos deportistas acompañados.

Control de resultados: Esta proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA (Delegación de Ourense) e por procedementos automatizados contratados pola Organización. A carreira estará controlada ó longo de todo o percorrido a través dun chip informático que irá colocado na zapatilla. Para participar nesta proba é obrigatorio o uso do dorsal facilitado pola organización e o chip. Os participantes que cheguen a meta sen o dorsal e o chip non entrarán nas clasificacións.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

Ó rematar a proba tódolos participantes teñen a obriga de devolver o chip. Aquel corredor que non faga entrega do chip non entra nas clasificacións e tampouco recibe agasallo algún.

O control de chegada péchase 50 minutos despois da entrada en meta do primeiro clasificado.

A organización contará con servizos de médico e ambulancia con persoal sanitario. Todo corredor que participe, declara haberse sometido a un recoñecemento médico previo, non padecendo enfermidade física que lle

impida participar na proba, polo que o corredor será responsable se non cumpre esta normativa. No caso dos corredores menores de idade a responsabilidade recaerá sobre os pais tutores.

Todo o non disposto neste regulamento rexerese polas Normas de Competición da FGA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Este regulamento poderá ser actualizado se hai normas federativas que así o aconsellen.

Tódolos participantes, polo feito de tomar a saída na carreira, aceptan o presente Regulamento.

## **9. SERVICIO DE DUCHAS**

Estableceranse duchas nos vestiarios do Polideportivo Municipal dos Carrís.

## **10. AVITUALLAMENTOS**

Haberá unha zona de avituallamiento líquido e sólido na zona de meta.